

Capítulo VIII  
Seguridade e hixiene no traballo

Artigo 42º. Condicións xerais de seguridade e saúde laboral.

1. O persoal laboral ten dereito a unha protección eficaz da súa integridade física e síquica, e á protección da súa saúde, así como a unha adecuada política de seguridade e hixiene no traballo. Así mesmo, ten dereito a participar na formulación da política de prevención no seu centro de traballo e no control e vixilancia das medidas adoptadas no desenvolvemento destas.

2. En correspondencia, o concello obrígase a promover, fomentar e pór en aplicación unha adecuada política de seguridade e hixiene en todos e cada un dos departamentos, servizos ou centros de traballo del dependentes.

3. A todos estes efectos elixiranse os delegados de prevención que correspondan para o persoal laboral coas competencias e facultades establecidas na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, coa mesma dedicación que o delegado de persoal.

Artigo 43º. Comisión de prevención.

1. Crearase unha comisión paritaria de prevención, co fin de redactar un Regulamento de seguridade e saúde laboral, así como de realizar o seguimento e interpretación deste.

O dito regulamento elaborárase no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste convenio, que considere as materias relativas a este capítulo.

2. A comisión paritaria de prevención:

a) Estará composta por dous membros da Comisión de Goberno en representación da corporación e dous membros en representación do persoal.

No caso de imposibilidade de asistencia de calquera dos membros da comisión de prevención, poderase nomear a persoal que o substitúa. Así mesmo, poderán levar as partes unha persoa, segundo o tema que se vai tratar, en calidade de asesor, con voz pero sen voto.

b) Esta comisión será competente para a redacción, interpretación e seguimento do desenvolvemento de todo o que se estableza no Regulamento de seguridade e saúde laboral, así como para o estudo de todas as materias que incidan nas condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores deste concello.

c) Os acordos da comisión serán vinculantes, sempre e cando o tema non sexa materia reservada especificamente ao Pleno da Corporación, que neste caso será o órgano competente. Cando sexa así a comisión enviará a proposta pertinente para ser estudada na comisión informativa correspondente como paso previo para tratala no Pleno do Concello.

d) As discrepancias da interpretación serán resoltas pola arbitrase da persoa nomeada por ambas as partes.

3. Entre tanto non se aprobe o Regulamento de seguridade e saúde laboral, servirán as vixentes ordenanzas de seguridade e hixiene no traballo, así como a restante normativa de seguridade e saúde laboral, resultado do desenvolvemento da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Artigo 44. Medidas preventivas.

1. En todos os centros de traballo haberá, como mínimo, unha caixa de primeiros auxilios debidamente provisto.

2. Establecerase o calendario anual de revisións médicas, debendo ser estas en día laborable, segundo o disposto no artigo 22 da Lei de prevención e o artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Este convenio entenderase asinado polas dúas partes cando sexa aprobado polo Pleno da Corporación.

Segunda.-O concello entregará copia deste acordo e as súas posibles modificacións a todos os empregados que figuren no cadro de persoal.

**INSTITUTO GALEGO  
DE ESTADÍSTICA**

*Resolución do 13 de xaneiro de 2005 pola que se convocan catro bolsas de formación na área da estatística pública neste instituto.*

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, regula os principios e as normas nas que se basea a actividade estatística da Comunidade Autónoma, encomendándolle ao Instituto Galego de Estatística (IGE) entre outras funcións, o impulso e fomento da investigación estatística que contribúa a mellorar o coñecemento da realidade social e económica de Galicia.

Coa finalidade de fomentar a formación no eido da estatística pública

*RESOLVO:*

Facer públicas as bases que rexen esta convocatoria.

Primeira.-Obxecto.

Convócanse, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva catro bolsas de formación, para incentivar a formación e preparación de persoal cualificado na área da estatística pública, dirixidas ás persoas que estean en posesión dalgunha das titulacións de licenciado ou equivalente, pre-

vistas no artigo 1 da Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia.

As bolsas concederanse, unha para a licenciatura en matemáticas con orientación curricular en estatística e investigación operativa, unha para a licenciatura de ciencias económicas con 20 créditos en estatística, econometría ou matemáticas e dúas para as licenciaturas ou titulacións equivalentes de matemáticas (sen orientación curricular en estatística e investigación operativa), económicas (sen a existencia dos créditos citados), empresariais, socioloxía, informática ou enxeñaría.

De non haber solicitantes con licenciaturas ou titulacións equivalentes de matemáticas e/ou económicas, nos que concorran os requisitos citados en cada caso, as bolsas cubriranse pola orde de puntuación, con independencia da titulación académica.

Segunda.-Requisitos dos solicitantes.

Poderán solicitar estas bolsas todas aquelas persoas nas que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e sempre que reúnan os seguintes requisitos no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

1. Posuír a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea.

2. Ser veciño dalgún dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Ter rematado os estudos con posterioridade a xaneiro de 2002 e estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións de licenciado ou equivalente en:

\* Matemáticas, con orientación curricular en estatística e investigación operativa.

\* Ciencias económicas, con 20 créditos en estatística, econometría ou matemáticas.

\* Empresariais, socioloxía, informática, enxeñaría, matemáticas (con distinto perfil do exixido anteriormente) ou ciencias económicas (con distinto perfil do exixido na alínea anterior).

4. Non ter sido beneficiario doutra bolsa de formación estatística convocada polo IGE.

Terceira.-Contía da bolsa e aplicación orzamentaria.

O importe da bolsa será de novecentos euros (900 €) brutos mensuais que se farán efectivos, polo importe líquido, na conta bancaria que sinala o bolseiro, con cargo á aplicación orzamentaria 05.50.441A.480.0 dos orzamentos do IGE para os anos 2005 e 2006.

Con cargo á mesma aplicación orzamentaria para os anos 2005 e 2006 e durante o período de desfrute da bolsa, o bolseiro terá dereito a un seguro combinado de cobertura de asistencia cirúrxica e médica, en réxime de consultorio e domiciliario.

Cuarta.-Duración da bolsa e prórroga.

A bolsa terá unha duración de 12 meses contados desde a data de incorporación do bolseiro á sede do IGE, sito no Complexo Administrativo San Lázaro, San Lázaro s/n en Santiago de Compostela e nunca antes do 1 de febreiro de 2005.

Poderá, de conformidade coa normativa legal aplicable, procederse á prórroga das bolsas por un novo período de doce meses, sempre que as disponibilidades orzamentarias así o permitan e logo de informe de conformidade do servizo no que reciba a formación o bolseiro.

Quinta.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes formalizaranse no modelo que se achega como anexo a esta convocatoria e deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada por notario ou por funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

1) Documento nacional de identidade. No suposto de ser nacional dun Estado membro da Unión Europea deberase presentar a documentación equivalente.

2) Certificación do padrón municipal.

3) Certificación académica completa, conforme o modelo oficial das universidades galegas, na que se fará constar a nota media do expediente académico.

4) Currículum vitae do solicitante, no que se sinalará a formación e a experiencia no campo da estatística. Non se valorarán aqueles méritos que non estean acreditados documentalmente.

5) Título correspondente ou, en defecto deste último, xustificación do pagamento dos dereitos de expedición.

6) Declaración expresa responsable de non ter sido beneficiario con anterioridade doutra bolsa de formación convocada polo IGE.

7) Declaración xurada de non reunir ningunha das circunstancias especificadas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Sexta.-Lugar e prazo de presentación.

As solicitudes e a documentación que se sinala na base quinta presentaranse no rexistro xeral deste organismo, sito no Complexo Administrativo San Lázaro, San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria.

Sétima.-Composición da comisión de avaliación.

A selección e avaliación das solicitudes levarase a cabo por unha comisión que estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: a secretaria técnica do IGE.

Vogais:

1) O director do departamento de Estatística e Investigación Operativa da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa do departamento en quen delegue.

2) O catedrático de Economía Aplicada, (Estatística Económica e Empresarial) da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa do departamento de economía aplicada en quen delegue.

3) O subdirector de coordinación técnica e de planificación estatística do IGE.

Actuará como secretario un funcionario/a do IGE.

Oitava.-Criterios de avaliación.

A avaliación dos méritos acreditados levarase a cabo conforme o seguinte baremo:

\* Expediente académico, ata un máximo de 4 puntos, sendo necesario acadar un mínimo dun punto para poder ser avaliados as restantes alíneas. Utilízase para a valoración desta epígrafe a nota media do expediente académico, conforme o modelo oficial de certificación académica das universidades galegas.

\* Cursos, seminarios e outras actividades de formación directamente relacionadas coa estatística, ata un máximo de 0,5 puntos, contabilizándose 0,05 puntos por cada 20 horas recibidas.

\* Cursos, seminarios ou outras actividades de formación directamente relacionadas con ferramentas informáticas de uso habitual no tratamento e análise de datos, ata un máximo de 0,25 puntos, contabilizándose 0,05 puntos por cada 20 horas recibidas.

\* Participación en estudos, traballos ou proxectos directamente relacionados coa estatística, ata un máximo de 0,5 puntos.

\* Outros méritos curriculares: cursos de idiomas, de informática ou de estatística non considerados nas alíneas anteriores, ata un máximo de 0,1 puntos.

Os solicitantes seleccionados poderán ser convocados para unha entrevista persoal.

Novena.-Selección e avaliación das solicitudes.

Rematado o prazo para a presentación de instancias e no prazo máximo de 10 días constituirase a comisión de avaliación quen procederá o exame da documentación.

Efectuado o exame de todas as solicitudes a comisión de avaliación elaborará a listaxe provisional de admitidos e excluídos na que figurará a causa de exclusión, requirindo o interesado para que, nun prazo de cinco días hábiles, complete ou emende as deficiencias. Transcorrido o dito prazo sen que se proceda a completar ou emendar as deficiencias consideraráselle desistido da súa solicitude, procedéndose segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Rematado o prazo de emenda, a comisión de avaliación avaliará os méritos consonte o establecido na base oitava e confeccionará a listaxe provisional de posibles bolseiros, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación. O prazo de exposición, consultas e reclamacións será de cinco días hábiles.

Rematado este prazo, a comisión de avaliación resolverá as reclamacións e elaborará a listaxe definitiva de posibles bolseiros.

A comisión elevará ao director do IGE unha proposta de concesión para a designación dos titulares.

Cos restantes admitidos elaborárase unha listaxe de suplentes, por orde decrecente de puntuación. Esta listaxe será operativa no caso de que os bolseiros seleccionados non se incorporasen na data establecida, cando o bolseiro renunciase á bolsa ou cando se procedese á súa revogación.

Décima.-Resolución, notificación e publicidade.

Elevada pola comisión de avaliación proposta de concesión, esta convocatoria resolverase polo director do IGE. Contra esta resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o director do IGE no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co establecido no artigo 46.4º da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A notificación da resolución aos titulares farase segundo o disposto no artigo 59.1º da Lei 30/1992, dando, así mesmo, a oportuna publicidade no DOG.

Décimo primeira.-Aceptación da bolsa.

Os titulares deberán acreditar, no momento da incorporación, que están ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e que non ten pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, mediante documento orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

Os bolseiros incorporaranse no prazo que se indique na notificación da concesión debendo proceder á aceptación da bolsa mediante a sinatura dun documento no que se comprometa a cumprir as obrigas derivadas da súa condición de bolseiro.

O bolseiro que non se incorporase no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa. Neste suposto o director do IGE procederá, mediante resolución, á concesión da bolsa ao primeiro candidato que figure na listaxe que para tal efecto elaborara a comisión de avaliación, conforme a base novena.

Décimo segunda.-Obrigas dos bolseiros.

Os bolseiros seleccionados comprometeranse a:

\* Cumprir co réxime de formación establecido polo director do IGE, contando co asesoramento, orientación e dirección dos funcionarios que se designen para tales efectos.

\* Presentar antes de rematar o período de disfrute da bolsa unha memoria referida á actividade de formación desenvolvida.

\* Permanecer no centro o tempo necesario e indispensable para a súa formación.

\* Gardar o segredo estatístico respecto dos datos aos que teñan acceso, segundo o disposto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

\* Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control interno.

\* Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento da condicións establecidas para a concesión da bolsa.

\* Presentar antes do derradeiro pagamento declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Décimo terceira.-Natureza xurídica do vínculo.

A concesión e posterior aceptación da bolsa non supón ningún tipo de vinculación laboral entre o bolseiro e o IGE.

Décimo cuarta.-Renuncia á bolsa.

A renuncia á bolsa por parte do titular, unha vez iniciado o seu disfrute, deberá comunicarse cun mínimo de quince días naturais de antelación en escrito dirixido ao director do IGE, quen poderá, polo período que reste, concederllo ao candidato que corresponda segundo a listaxe que para tal efecto fora elaborada pola comisión de avaliación.

A renuncia inhabilitará os titulares para efectos de presentación en vindeiras convocatorias.

Décimo quinta.-Impugnabilidade.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impug-

nados polos interesados, nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo sexta.-Duración do procedemento.

Segundo o establecido no artigo 25.4º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Décimo sétima.-Notificacións e requirimentos.

De conformidade co disposto no artigo 59.6º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, calquera notificación ou requirimento aos interesados farase a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do IGE ([www.ige.xunta.es](http://www.ige.xunta.es)). Este xeito de notificación exceptúase cando se proceda á notificación da resolución aos titulares, que se practicará segundo o disposto no artigo 59.1º da Lei 30/1992.

Décimo oitava.-Incompatibilidade.

As bolsas reguladas nesta convocatoria serán incompatibles con ter sido beneficiario con anterioridade doutra bolsa de formación convocada polo IGE.

Décimo novena.-Cláusula xeral.

A participación nesta convocatoria implica o coñecemento e aceptación destas bases.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das bolsas e, en todo caso, o incumprimento do réxime de incompatibilidades pola obtención concorrente de outras bolsas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O director poderá revogar o disfrute da bolsa se o bolseiro non realiza ou incumpre as tarefas que se lle asignen, ou se aquelas non reúnen os requisitos de calidade exixibles; en tal suposto, así como no de renuncia da bolsa por parte do beneficiario, procederase polo director do IGE na forma prevista na base novena desta convocatoria.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-O director do IGE poderá ditar as disposicións necesarias para a aclaración ou interpretación destas bases.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2005.

José Antonio Campo Andián  
Director do Instituto Galego de Estatística



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA



**INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA**

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE FORMACIÓN NA ÁREA DA ESTADÍSTICA PÚBLICA NO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>EC407A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

#### DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI OU CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

#### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- DNI OU DOCUMENTO QUE LEGALMENTE O SUBSTITÚA.
- CERTIFICACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL.
- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA COA EXPRESIÓN DA NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
- CURRÍCULUM VITAE XUNTO COS DOCUMENTOS QUE O AVALEN.
- TÍTULO OU XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS DEREITOS DE EXPEDICIÓN.
- DECLARACIÓN DE NON TER SIDO BENEFICIARIO CON ANTERIORIDADE DOUTRA BOLSA DE FORMACIÓN OU INVESTIGACIÓN CONVOCADA POLO IGE.
- DECLARACIÓN XURADA (ART. 13.2 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE ANTE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COMPETENTE OU OUTROS ENTES PÚBLICOS.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 13 de xaneiro de 2005 pola que se convocan catro bolsas de formación na área da estatística pública, neste instituto.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA POLA QUE SE FAI CONSTAR QUE CUMPRE OS REQUISITOS ESIXIDOS NA CONVOCATORIA

de de 200

#### ( Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE  
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Director xeral do Instituto Galego de Estatística

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 18 de xaneiro de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A).*

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 28 de xuño de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 129, do 6 de xullo, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A).

A lista de aspirantes admitidos estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

Para efectos de información, o teléfono de contacto é o 902 12 00 12 en horario das 9.00 ás 19.00 horas de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados.

Así mesmo, publícase a lista de excluídos, que figura como anexo a esta resolución.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non corrixan os defectos motivo da exclusión serán definitivamente excluídos.

Os aspirantes que non figuren na lista de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo, co obxecto de formular reclamación.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2005.

Milagros Vázquez Tenorio  
Directora xeral da Función Pública

#### RELACIÓN PROVISIONAL DE EXCLUÍDOS AO CORPO SUPERIOR DA XUNTA DE GALICIA (GRUPO A). QUENDA PROMOCIÓN INTERNA LISTAXE ORDENADA ALFABETICAMENTE

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	DISCAPACIT.	EXCLUSION
1	BANHOS CAMPO, ALEXANDRE	02084481Z	NON	53
2	FERNANDEZ PAMPILLON, MARIA ELISA A.	35240979B	SI	53
3	GARCIA GOMEZ, CARLOS ROQUE	33294773L	NON	56
4	GARCIA VAAMONDE, CONCEPCION	76519726Z	NON	21
5	GONZALEZ RODRIGUEZ, SERAFIN	34716435M	NON	57
6	HERMO GONZALO, MARIA TERESA	35255878Y	NON	56
7	IGLESIAS DE LA FUENTE, JOSE	34249902G	NON	53
8	MARTINEZ YLLANES, ANGEL	28350836R	SI	56
9	MINGUEZ ABAJO, RICARDO	01359745P	NON	56

#### CAUSAS DE EXCLUSIÓN

Nº	Descrición
10	Instancia fóra de prazo
11	Non posúe a nacionalidade exixida
12	Non presenta solicitude
20	Taxas baremo non aboadas
21	Importe de taxas ingresadas inferior ao estipulado
22	Taxas aboadas fóra de prazo
31	Opta á praza de minusv. sen acredit. 33%
34	Instancia incorrecta (instancia non orixinal)
36	Non cumprir requisito de compatib. funcional
49	Certif. minusvalidez non presentado/mal cotexado
50	Instancia incorrecta (emendas, raspaduras...)
51	Instancia incorrecta (falta sinatura)
53	Falta DNI/pasaporte, ou incorrecto
54	Excluído por non ter ou acreditar a idade exixida
55	Non acreditar requisito de titulación
56	Non cumprir o requisito da base 1.2.2.
57	Non cumprir o requisito da base 1.2.3.

*Resolución do 18 de xaneiro de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B).*

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 28 de xuño de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 129, do 6 de xullo, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B).

A lista de aspirantes admitidos estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nos das súas delegacións provinciais, no